

Xurxo Ferrón Vidán, concelleiro - voceiro do Grupo Mixto SumaRibeira, presente ante o Alcalde e Corporación Municipal, para a súa inclusión na orde do día do vindeiro Pleno a **Proposición seguinte**:

FOMENTO DA ACCESIBILIDADE Á INFORMACIÓN MUNICIPAL (segunda proposición)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En SumaRibeira vemos necesario reincidir nun tema que nos preocupa, e procuramos que ocupe lugar destacado dentro da nosa liña de acción política municipal: a Transparencia, e dentro dela o acceso á información.

En relación directa con este tema xa temos presentado tres proposicións:

A primeira sobre Dixitalización da Información Municipal, aprobada por unanimidade no Pleno de 29 de xaneiro de 2019.

A segunda sobre "Achegas de Impulso á Transparencia Municipal", aprobada nos seus puntos 1 e 2 por maioría absoluta, cos votos en contra do PP, e no seu punto 3 por unanimidade.

A terceira, co mesmo título da que agora se presenta, "Fomento de Accesibilidade á Información Municipal", aprobada no Pleno de 29 de Novembro de 2021 por maioría absoluta, coas abstencións do PBB.

Vista a situación actual debermos afirmar que os avances en tan importante aspecto son insuficientes. Cando xa pronto van levar transcorridos tres anos desde que esta corporación foi elixida, seguimos considerando que é esixible que sen dilación se proceda a facer os cambios necesarios, e dotar de medios suficientes para facilitar o acceso das concelleiras a toda a información municipal que precisen para o exercicio das súas funcións. Entendemos que este acceso cobra unha especial importancia democrática cando os concelleiros pertencen a grupos políticos da oposición. Semellantes razoamentos son válidos se os aplicamos por extensión ás nosas veciñas.

Como hai sen razóns que se desqualifícan por se mesmas só coa súa obxectiva descrición, pensamos que debemos facelo co proceso que debe seguir un concelleiro para acceder a un expediente:

- Solicitar rexistralmente o acceso ao expediente.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E600C918000X519L0M313L6 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	ENTRADA: 20222737
	CONCELLO DE RIBEIRA-SELLO ELECTRÓNICO - 15/02/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/02/2022 12:19:04 [-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS ENTRADA GENERAL 2022 2737 - 15/02/2022 12:17	Fecha: 15/02/2022 Hora: 12:17 Und. reg:GENERAL



CSV: 07E600C918000X519L0M313L6



- Agardar a ser chamado para concertar cita, para o que ademais de acordar hora e data, ten que darse a circunstancia de poder dispoñer dun ordenador no concello onde consultar o expediente.

- Tanto se o expediente está dixitalizado (actualmente por fin son a maioría) como se non, debe estar presente unha traballadora municipal durante todo o tempo que o concelleiro analiza o expediente. Isto, lógicamente, supón un tempo de dedicación dunha traballadora, que mentres desenvolve funcións garantindo o cumprimento da legalidade pola concelleira non pode desenvolver o seu traballo habitual, ou ve diminuída a súa atención ao traballo que compaxina se se é posible que o exame do expediente poda realizarse no seu despacho.

- Unha vez que o concelleiro concreta a documentación que quere, o concello lle facilita gratuitamente as fotocopias necesarias, pero se a solicitude en soporte electrónico debe aprtalalo nunha embalaxe dixital que asegure que non foi utilizado anteriormente.

- Se con posterioridade a concelleira ao analizar a documentación se decata de falla dalgunha información, deberá volver a repetir o proceso descrito dende o seu comezo.

- Se a concelleira quere saber se tivo entrada algunha documentación nova no expediente, debe rexistrar periodicamente novas solicitudes pedindo que se lle permita de novo acceder se houbo algunha novidade no expediente.

No contexto descrito, entencemos en SumaRibeira que non é difícil compartir a opinión de que non ano 2.022 non é xustificable que poda continuar esta falla de axilidade no acceso á información, coa conseguinte optimización do traballo, incluída perda de tempo, tanto das traballadoras do concello como dos concelleiros.

Visto e exposto solicitamos a adopción das seguintes **ACORDOS**

1.- Facilitar o acceso das concelleiras e concelleiros aos expedientes e información municipal. Para elo implantaranse, cando menos, as seguintes medidas:

a.- Habilitar os medios necesarios para que as concelleiras poidan consultar coa maior axilidade posible a información municipal que consideren necesaria, sen máis limitacións que as que veñan determinadas pola legislación, e, nomeadamente, a relativa ao dereito á información e á protección de datos e a intimidade das persoas.

b.- O Concello proporcionará aos concelleiros, preferentemente en soporte informático, cumprindo coas garantías que a legalidade establece, a información que consideren conveniente para o exercicio do seu labor.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000C918000X519L0M313L6 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	ENTRADA: 20222737
	CONCELLO DE RIBEIRA-SELLO ELECTRÓNICO - 15/02/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/02/2022 12:19:04 [-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS ENTRADA GENERAL 2022 2737 - 15/02/2022 12:17	Fecha: 15/02/2022 Hora: 12:17 Und. reg:GENERAL



2.- Facilitar o acceso de veciñas e veciños aos expedientes e información municipal. Para dinamizalo se terá en conta:

a.- O cumprimento da legalidade aplicable, e, nomeadamente, a relativa ao dereito á información e á protección de datos e a intimidade das persoas.

b.- A compatibilidade deste acceso co normal funcionamento dos servizos administrativos municipais.

3.- O Goberno Municipal, en liña cos anteriores acordos, procederá a dar os pasos necesarios para o cumprimento sen demora dos Acordos Plenarios seguintes:

a.- **Proposición sobre “Achegas de Impulso á Transparencia Municipal”**, aprobada no pleno celebrado o 30 de Novembro de 2020 cos seguintes Acordos:

1.- Redución das taxas actualmente establecidas para a obtención de fotocopias en papel ata un prezo aproximado ao custe medio que supón para o concello a súa facilitación.

2.- Que en consonancia co punto anterior se reduzan ás taxas a aplicar para a obtención de información en formato dixital, que sempre que sexa posible será potenciada cara a contribuir á diminución da contaminación ambiental.

3.- Sexan dadas as instrucións e se dote dos medios necesarios para que en todas as obras nas que corresponda, antes do seu inicio, se proceda á colocación do preceptivo cartel de obra.

b.- **Proposición sobre “Fomento de Accesibilidade á Información Municipal”**, aprobada no Pleno de 29 de Novembro de 2021 cos seguintes Acordos:

2.- Posta en funcionamento dunha comisión na que estean representadas todos os grupos políticos municipais, na que, tendo en conta as achegas das veciñas e veciños, **sexa elaborado un regulamento de fomento da transparencia e acceso á información pública**, na procura da máxima accesibilidade da cidadanía tanto á acción de goberno como á actividade municipal xeral.



Asinado: Xurxo Ferrón Vidán
Xi - 33240808 - N
Concelleiro do Grupo Mixto – SUMA RIBEIRA.

En Ribeira, a catorce de febreiro de 2022.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000C918000X519L0M313L6 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	ENTRADA: 20222737
	CONCELLO DE RIBEIRA-SELLO ELECTRÓNICO - 15/02/2022 serialNumber=S2833002E, CN=Sello de tiempo TS@ - @firma, OU=Secretaría General de Administración Digital, O=Secretaría de Estado de Función Pública, C=ES - 15/02/2022 12:19:04 [-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS ENTRADA GENERAL 2022 2737 - 15/02/2022 12:17	Fecha: 15/02/2022 Hora: 12:17 Und. reg:GENERAL

CSV: 07E6000C918000X519L0M313L6

